

RESOLUCIÓN DO 16 DE MAIO DO 2019, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2019/10, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO PROCESO SELECTIVO.

En sesión que tivo lugar o 16 de maio do 2019, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo de conformidade co disposto no artigo 8 das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2019/10.

Segundo.- Facer pública a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, que figuran no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.


Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 8 das bases da convocatoria que rexen o proceso selectivo, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres.

O prazo remata o vindeiro mércores 22 de maio do 2019, inclusive.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da correspondente lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.

San Cibrao das Viñas, 20 de maio do 2019.

O Presidente da Comisión de Selección



Asdo.: Lucio García Calvo.

ANEXO I

APELIDOS	NOME	Puntuación valoración méritos	Puntuación entrevista	PUNTUACIÓN TOTAL
ALONSO GONZÁLEZ	ELISA	15,75	1,80	17,55
VÁZQUEZ SANDE	LUIS	15,78	1,60	17,38
RIVAS SIOTA	SANDRA	15,14	1,70	16,84
GULLÓN ESTÉVEZ	BEATRIZ	14,25	1,80	16,05
COBAS GARCÍA	NOEMÍ	14,25	1,75	16,00
GULLÓN ESTÉVEZ	PATRICIA	14,15	1,80	15,95
BARRIO CARBALLO	JOSÉ CARLOS	13,84	1,50	15,34
RODRÍGUEZ BERMÚDEZ	RUTH	12,56	1,80	14,36
ASENSIO CAMPAZAS	ALBERTO CARLOS	10,10	1,00	11,10
CRISTOBO LUACES	IVÁN JESÚS	9,20	1,80	11,00
PEÑA RODRÍGUEZ	SUSANA	7,50	1,60	9,10
BERMÚDEZ COUSO	ALIPIO	6,56	0,80	7,36
CITTADINI	AURORA	7,05	Ausente	7,05
RODRÍGUEZ SALGADO	ISABEL	5,45	1,00	6,45
GÓMEZ LIMIA	LUCÍA	5,82	0,50	6,32
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MIRIAM	4,09	0,80	4,89
RODRÍGUEZ CID	BEATRIZ	4,80	Ausente	4,80
AGREGÁN PÉREZ	RUBÉN	3,40	0,60	4,00
DAVID DOMÍNGUEZ	VIANA	2,82	1,00	3,82
SERRANO COBO	MARÍA DEL MAR	2,75	Ausente	2,75